

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, ACTIVIDADES FÍSICAS E COMPETICIÓN EN INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPALES

D./D^a. _____, con DNI _____, como representante legal da Entidade _____

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a actividade obxecto de solicitude exposta no formulario que se achega, cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o desenvolvemento da mesma, que dispoño da documentación que así o acredita e que a poñerei a disposición da Administración Municipal cando sexa requirido para iso.
- Que a entidade está inscrita no Rexistro municipal de asociacións (exentas deste requisito as federacións galegas e /ou entidades de ámbito autonómico) e cumpre co establecido nos estatutos da entidade conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Que o persoal docente (adestradores, monitores, ...) en contacto habitual con menores de idade, está en posesión da certificación negativa do rexistro central de delincuentes sexuais, conforme a Lei 26/2015, de 28 de xullo (BOE 29-7-2015).
- Con respecto ao seguro de responsabilidade civil (sinale a que corresponda):
 - Que teño contratado un seguro de responsabilidade civil, segundo o artigo 8 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, cunha cobertura mínima de 300.000 euros sinistro/ano ou superior en función do aforo previsto das actividades.
 - Que me comprometo a contratar antes do inicio da actividade un seguro de responsabilidade civil, segundo o artigo 8 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, cunha cobertura mínima de 300.000 euros sinistro/ano ou superior en función do aforo previsto das actividades.
- Que todos os participantes en actividades deportivas de adestramento e actividades físicas con competición contan co seguro deportivo federativo vixente ou cobertura sanitaria equivalente.
- Que me comprometo a designar un responsable da entidade para o seguimento das normas vixentes en materia deportiva vinculadas coas actividades solicitadas e que será comunicado á administración municipal antes do inicio da actividade.
- Que me comprometo, baixo a miña responsabilidade, para que os menores de idade, antes de acceder ás instalacións municipais, teñan entregada no club unha autorización asinada do pai/nai/titor legal que lles permita realizar esta actividade.
- Que me comprometo a respectar a normativa de uso e funcionamento, protocolos específicos e plans de seguridade das instalacións deportivas, así como calquera outra indicación que se traslade durante a vixencia de uso da instalación concedida.
- Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo que dure a cesión da/s instalación/s deportiva/s municipal/pais

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20 ____

Sinatura do/da representante da entidade: